

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA A CREACION DE EMPRESAS NO CONCELLO DE LALÍN

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2016, das axudas municipais para o fomento da actividade empresarial no ámbito municipal do Concello de Lalín. Este programa de axudas da Concellería de Comercio, Emprego e Réxime Interno, ten a finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no Concello de Lalín, apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.-OBXECTO

O obxecto das subvencións reguladas nas presentes bases é a concesión de axudas a empresas privadas de nova creación, como estímulo para a creación de emprego no Concello de Lalín, con destino ao financiamento, en réxime de concorrência competitiva, de parte dos primeiros gastos da posta en marcha e funcionamento da actividade.

O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade ao disposto no artigo 3.3 da lei 5/2014, de 27 de mayo, de medidas urgentes derivadas de la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local. ; no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así como na Base 25 e 26 de Execución do Orzamento do Concello, para o exercicio 2016, e respectando o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Convócanse axudas polo importe que seguidamente se relaciona, e con cargo ao crédito consignado na seguinte aplicación orzamentaria:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE GLOBAL	FINALIDADE
241.47001	12.000 €	Programa de axudas municipais para a creación de empresas

2.-BENEFICIARIOS/AS

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais, autónomos e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o **16 de outubro de 2015 e o 15 de setembro de 2016**. (Requirirase que a escritura de constitución da sociedade e a alta no IAE teñan data do período subvencionable). - Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE nº 800/2008, da Comisión de 6 de agosto de 2008.

Ademais, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que a empresa, negocio ou explotación teña o seu enderezo fiscal e social e o seu centro de traballo no Concello de Lalín. No caso de que a persoa solicitante sexa unha persoa física (traballador/a autónomo) deberá estar empadroadado/a en Lalín.
- b) Que os solicitantes, socios, promotores da empresa sexan propietarios, como mínimo, do 33% do capital social de dita empresa.
- c) Que os solicitantes sexan persoas desempregadas á data de inicio da actividade da empresa e creen, polo menos, o seu propio posto de traballo acreditado coa alta no réxime especial de traballadores autónomos ou en calquera outro réxime que lle corresponda da Seguridade Social.
- d) Que os solicitantes non desenvolvesen como traballadores autónomos a mesma ou similar actividade nos 6 meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como traballadores/as autónomos/as, nos 3 meses inmediatamente anteriores.
- e) Que entre os socios/as da empresa solicitante non figure ningunha persoa xurídica.
- f) Que nin a empresa, nin os socios promotores, teña débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin co Concello de Lalín.
- g) Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 de Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- h) Que nin a empresa solicitante, nin os socios promotores sexan socios doutra empresa que se adique á mesma ou similar actividade.
- i) Que a empresa conte con licenza de actividade, ou teña presentado comunicación previa para o exercicio da actividade, en función do réxime que lle corresponda á actividade. (no caso de presentar comunicación previa, esta deberá estar ratificada polo órgano competente con anterioridade á concesión da subvención solicitada)

3.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os primeiros gastos realizados pola empresa, **dende os tres meses anteriores e dentro dos seis meses seguintes á data de inicio da súa actividade**, e que sexan xustificados mediante a presentación das correspondentes facturas e os documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade ao remate do prazo de xustificación establecido nas bases.

Exclúense do importe dos gastos subvencionables o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.

Os gastos poderán ser computados sempre que se xustifiquen a través de facturas, ou documentos probatorios equivalentes, que estean expedidas a nome da entidade solicitante, non sexan emitidas por algún dos socios promotores da empresa, e cumpran o establecido nas presentes bases e entren dentro de período subvencionable.

Serán gastos subvencionables, exclusivamente:

- a) Gastos de constitución e apertura: Visado, honorarios e gastos pola redacción de proxectos técnicos, memorias ou certificacións técnicas; Inscripción no Rexistro Mercantil; Certificación negativa do nome de sociedade; Honorarios de notaría por escrituras públicas de constitución da sociedade; Publicación no Boletín oficial do Rexistro Mercantil (BORME); Modelo autoliquidación 600 da Consellería de Facenda - Xunta de Galicia pola constitución de empresa.
- b) A adquisición das primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción ou comercialización.
- c) Gastos de alugueiro de local, de maquinaria ou de equipamentos informáticos e de elementos de transporte. (Exclusivamente de vehículos comerciais ou industriais que sexan necesarios e se empreguen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional)
- d) Primas de seguros: Serán subvencionables os gastos de contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial como son o seguro do local e o de responsabilidade civil.
- e) Subministracións e gastos correntes derivados directamente de realización de actividade empresarial: auga, teléfono, electricidade, material de oficina, servizos de profesionais independentes.
- f) Dereitos de propiedade industrial: patentes, modelos de utilidade, deseño industrial, marcas de produtos ou servizos, nomes comerciais e dominio en Internet.
- g) Publicidade.

Non serán subvencionables os gastos referidos aos domicilios particulares dalgunha das persoas promotoras.

4.- NORMAS DE OUTORGAMENTO

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.

A contía destas subvencións será de **ata 1.000 €** por empresa, calquera que sexa a forma xurídica. Outorgaráselle as axudas a aquelas solicitudes que obteñan maior puntuación en base aos criterios establecidos no apartado 7- desta Base, ata acadar o orzamento total de 12.000 € asignado para este fin.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios doutras administracións públicas ou calquera outra entidade de natureza pública ou privada. O importe total da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade subvencionada.

Non poderán ser obxecto da axuda na presente convocatoria as actividades subvencionadas ou financiadas no mesmo exercicio a través doutas convocatorias ou convenios asinados co Concello de Lalín.

5.- SOLICITUDE

Estas Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e, con posterioridade, remitirase a convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) e rematará o **16/09/2016**

As solicitudes das axudas reguladas nestas bases presentaranse no modelo normalizado (Anexo I), no Rexistro Xeral do Concello Lalín ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación :

1. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases (Anexo II)
2. Certificado de inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego con anterioridade á data de inicio da actividade ou da contratación pola empresa.
3. Certificado de empadronamento.

4. Informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
5. NIF da empresa/empresario/a individual e dos socios/as. No caso de sociedades o NIF do representante da empresa e dos socios que se autoempreguen.
6. Contrato/escritura de constitución da empresa. No caso de sociedades mercantís deberá achegar tamén a copia dos estatutos sociais e acreditar a inscrición da empresa no Rexistro Mercantil.
7. Alta no IAE de empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
8. Alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos empresarios ou dos socios promotores.
9. Relación de gastos subvencionables xunto cos orzamentos ou facturas de ditos gastos e, no seu caso, acreditación do seu pagamento.

Relacionaranse no Anexo III. Especificaranse os datos identificativos do orzamento ou factura, concepto dentro dos gastos subvencionables establecidos nas presentes Bases, e o seu importe. No caso de solicitar a axuda en concepto de contratación de seguros directamente relacionados coa actividade, presentarase ademais certificación da vixencia do seguro emitida para o efecto pola compañía aseguradora.

No seu caso, acreditación do pagamento das facturas mediante orixinal ou copia compulsada da transferencia bancaria efectuada ou recibo bancario.
10. Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo IV).
11. Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas (Anexo V).
12. Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo VI).
13. Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da empresa solicitante e/ou dos socios promotores da entidade, ou autorización expresa ao concello para solicita-las. (Anexo VII). Comprobarase de oficio que o solicitante se atope ao corrente nas obrigas tributarias municipais.
14. Licenza de actividade ou presentación de comunicación previa, con data anterior á finalización do prazo de solicitude da subvención.
15. Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de avaliación establecidos nestas bases.
16. No caso de contratación de persoal por conta allea: NIF, contratos de traballo debidamente inscritos no Servizo Público de Emprego, certificación da inscrición como demandantes de emprego dos traballadores contratados e alta dos traballadores na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
17. Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (comunicacións internas, externas, páxina web ou publicidade en galego).
18. Certificados ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

A documentación que se entregue para participar no procedemento deberá ser orixinal ou copia cotexada, excepto as facturas xustificativas do gasto subvencionado que deberán presentarse en orixinal, co obxecto de proceder ao selado das mesmas.

No caso de que se produza calquera defecto, erro ou ausencia da documentación que debe acompañar á solicitude notificaráselle para que, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, contados desde o seguinte á notificación do requirimento, proceda á subsanación, informándoo de que, no caso de non ser atendido dito requirimento, entenderase que renuncia a dita solicitude.

A presentación de solicitude de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación íntegra do contido das mesmas.

6.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS. INSTRUCCIÓN

A instrución do procedemento corresponderalle a un técnico do Departamento de emprego que realizará, de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións*.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra en cada expediente individual se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- A Concelleira Delegada de Comercio, Emprego e Réxime Interno, ou persoa en quen delegue.
- A Concelleira Delegada de Facenda, ou persoa en quen delegue.
- 2 funcionarios municipais ou persoal laboral ou interino deste concello
- O Secretario da Corporación , que actuará como secretario da Comisión avaliadora, ou persoa na que delegue.

A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos na Base 7, e elaborará un acta na que se emita informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, á vista do expediente e da acta da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A proposta de resolución deberá expresar:

- Relación de solicitudes presentadas, especificando os criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SUBVENCIONES

A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

PRIMEIRO.- O colectivo ao que pertencen as persoas solicitantes, ata máximo de **8 puntos**.

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite á pertenza aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoas desempregadas de longa duración
Persoas desempregadas de longa duración: aquelas que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estivesen sen traballo e acrediten un período de inscrición ininterrompido como desempregadas na Oficina de Emprego de 180 días se son menores de 25 anos ou teñan 45 ou máis anos de idade, e de 360 días se son maiores de 25 e menores de 45 anos.
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Mulleres
- Discapacitados/as
- Persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social (segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia)
- Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio.

Por cada condición que reúna cada un dos socios/as promotores/as: 2 puntos.

SEGUNDO.- Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de seis ou máis meses de duración, ata un máximo de **13 puntos**. No caso de xornadas parciais puntuarase en proporción, en función da xornada.

- Por cada posto creado, por conta propia (solicitantes, promotores/socios do proxecto empresarial): 5 puntos.
- Por cada emprego creado, por conta allea a tempo completo de duración mínima de 6 meses: 2 puntos.

- Por cada emprego creado, por conta allea a tempo completo de duración mínima de 12 meses: 4 puntos.

TERCEIRO.- Antigüidade no desemprego dos/as promotores/as e/ou dos/as contratados/as a xornada completa, ata un máximo de **10 puntos**

	1 persoa	2 persoas	3 persoas
De 6 a 12 meses	3 puntos	6 puntos	8 puntos
Máis de 12 meses	4 puntos	8 puntos	10 puntos

CUARTO.- Por cada persoa empadroada no Concello de Lalín: 5 puntos, que se atopen nalgún dos seguintes supostos **ata un máximo de 20 puntos**.

- No caso de tratarse de persoas xurídicas, os socios promotores do proxecto empresarial obxecto de subvención.
- As persoas contratadas por conta allea, por calquera empresa, independentemente de cal sexa a súa forma xurídica.

QUINTO.- Polo emprego de lingua galega na realización das actividades propias de empresa: **1 punto**.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas teranse en conta os seguintes criterios de desempate polo orde que segue:

1. Puntuación máis alta no criterio segundo relativo ó número de postos de traballo creados.
2. Puntuación máis alta no criterio cuarto relativo ao empadroamento no Concello de Lalín.
3. Puntuación máis alta no criterio primeiro relativo ao colectivo de pertenza dos promotores da actividade.

8.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, a proposta do órgano instructor, con suxeición ao establecido nas Bases de Execución 25 e 26 do Orzamento do Concello de Lalín, para o ano 2016.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses dende a publicación da convocatoria. A notificación levarase a cabo por correo con acuse de recibo cumprindo os requisitos establecidos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

O acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello e, segundo o establecido no artigo 18.3 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigas de publicidade.

Este acordo é susceptible de recurso conforme ao establecido na *Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común* e na *Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa*.

9.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios disporán dun prazo de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención.

Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada, de acordo con artigo 21.5 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia*.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da *Lei 38/2003* e no artigo 11 da *Lei 9/2007*, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigados a:

1. Realizar a actividade que fundamentou a súa concesión e xustificar a subvención concedida conforme ao sinalado no apartado 10º das presentes Bases Reguladoras.
2. Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
3. Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, así como calquera variación ou modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza, dentro dos 10 días hábiles seguintes.
4. Someterse ás actuacións de comprobación do Concello ou, no seu caso, do órgano de control competente, facilitando canta información sexa requirida ao respecto.
5. Acreditar que a entidade solicitante e os seus socios promotores están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na AEAT e no Concello de Lalín. A estes efectos, o solicitante da subvención poderá asinar o documento polo que autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas e dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención.
6. Colocar nun lugar visible do local do negocio un CARTEL INFORMATIVO normalizado, segundo anexo IX.

7. Os beneficiarios deberán manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión de subvención durante un mínimo de dous anos contados dende a data de resolución de concesión.
8. As contratacións por conta allea de 6 ou máis meses de duración deberán manterse polo tempo establecido no contrato de traballo asinado. No caso de renuncia ou resolución do contrato, a empresa deberá realizar unha nova contratación ata completar o tempo que resta, tido en consideración á hora de avaliar a solicitude.

10.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para elo deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto.

A xustificación deberá realizarse mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, no prazo máximo de **10 días hábiles**, a contar desde a notificación do acordo de concesión, da seguinte documentación:

1. Conta xustificativa dos gastos totais subvencionados. (Anexo VIII). No caso de solicitar axudas a outros organismos, para a mesma finalidade, deberán relacionarse nesta conta xustificativa gastos polo importe total resultante da suma de todas esas axudas.
2. Facturas orixinais, para o seu selado, polo importe total da subvención outorgada polo Concello de Lalín xunto cos recibos ou certificacións bancarias acreditativas do seu pagamento, no caso que non estivera xa presentada xunto coa solicitude de subvención.
3. Declaración xurada actualizada das axudas solicitadas ou concedidas (Anexo VIII).
4. Fotografía do cartel informativo.

Previamente ao pagamento da subvención comprobarase que os solicitantes, e os socios promotores se atopan ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social, coa Facenda Autonómica da Xunta de Galicia e co Concello de Lalín.

No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento presentado e/ou do importe da subvención concedida aboarase a totalidade da subvención, mentres que para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

O prazo de presentación da xustificación rematará o día **16 /11/ 2016**

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de 10 días hábiles para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo concedido a tal efecto, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, se fose o caso, aplicando o coeficiente de financiamento.

11.- REINTEGRO

Son causas de reintegro da subvención polo beneficiario, xunto cos intereses de demora correspondentes, o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula 9ª destas Bases e na *Lei 9/2007, do 13 de maio*.

12.- RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións*.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

O Comisión Avaliadora queda facultada para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2016, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e por último a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Lalín, 4 de xullo de 2016

Katia Margaret Procino Toimil

A concelleira delegada de Comercio,
Emprego, Educación e Réxime Interno



ANEXO I
SOLICITUDE
PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS

DATOS DO/A SOLICITANTE

Apelidos e nome DNI/NIF:
en calidade de da empresa (Razón social)
con enderezo , localidade
correo electrónico e teléfono

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

con enderezo , localidade
correo electrónico e teléfono

DATOS SOCIOS/AS PROMOTORES/AS (*)

Apelidos e nome DNI/NIF:
con enderezo , localidade
correo electrónico e teléfono

() No caso de ser máis de un socio/promotor relacionaranse en folia aparte os datos de todos os socios promotores da empresa*

Vistas as bases da convocatoria de axudas municipais para a creación de empresas, correspondentes ao ano 2016, publicadas no BOPPO de data

SOLICITO lle sexa admitida a trámite a presente solicitude de axuda por importe de €.

Por todo isto, xúntanse os seguintes documentos, ben ourixinais ou compulsados, esixidos nas Bases da convocatoria (marcar cun X o que proceda):

- ☐ Declaración xurada do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases (Anexo II).
- ☐ Certificado de inscrición como demandante de emprego, do Servizo Público de Emprego, con anterioridade á data de inicio da actividade ou da contratación por parte da empresa.
- ☐ Informe de Vida Laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
- ☐ NIF da empresa/empresario individual e dos socios. No caso de sociedades, o NIF do representante e dos socios que se autoempreguen.
- ☐ Escritura de constitución da empresa. No caso de sociedades mercantís ,achegará tamén a copia dos estatutos sociais e acreditar a inscrición da empresa no Rexistro Mercantil.
- ☐ Alta no IAE da empresa ou persoa que solicita a axuda e, no caso das SLNE o documento único electrónico (DUE)
- ☐ Relación de gastos subvencionables, xunto con orzamentos/ facturas e acreditación, de ser o caso, do seu pagamento (Anexo III)
- ☐ Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo IV).
- ☐ Declaración Xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas, para a mesma finalidade (Anexo V).
- ☐ Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo VI)
- ☐ Certificados do estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT dos promotores e da sociedade, ou autorización expresa para solicita-las (Anexo VII).Comprobarase de oficio que o/a solicitante se atope ao corrente das obrigas tributarias municipais.
- ☐ Licenza de actividade ou comunicación previa,con data anterior á finalización do prazo de solicitude da subvención
- ☐ Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de avaliación establecidos nas presentes bases.
- ☐ No caso de contratación de persoal por conta allea: NIF, contratos de traballo debidamente inscritos no Servizo Público de Emprego; certificación da inscrición como demandantes de emprego dos traballadores contratados e alta dos traballadores na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- ☐ Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (comunicacións internas, externas, páxina web ou publicidade en galego)
- ☐ Certificados ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

Lalín, de de 2016

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN



ANEXO II

**DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS
ESIXIDOS NAS BASES REGULADORAS**

Don/Dona , con DNI
en representación da empresa , con CIF

DECLARO:

Que a empresa , que represento cumpre cos requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Programa de axudas municipais á creación de empresas do Concello de Lalín.

Son un/unha empresario/a individual (EI) ou unha PEME	EI ☐	PEME ☐
A empresa, de nova creación, iniciou a súa actividade o día		
Desempregado/a, a data de inicio da actividade, durante	MESES/ANOS	
Capital social que posúo na empresa	%	
A empresa conta con enderezo fiscal e social e centro de traballo no Concello de Lalín	SI ☐	NON ☐
Creáronse, como mínimo, os postos de traballo (incluído promotor/res)		
É unha empresa viable técnica, económica e financeiramente, cunha inversión de	€	
Tanto a empresa como os seus socios carecen de débedas coa SS, AEAT, Xunta de Galicia e Concello de Lalín	SI ☐	NON ☐
O/s promotor/es da empresa non desenvolveron igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nin estiveron de alta como traballadores autónomos.	SI ☐	Nº MESES NON ☐
Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario previstas no art.10 da Lei 9/2007, d e 9 de xuño e no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (no caso das sociedades nin elas nin os socios/as), segundo o estipulado nas Bases da convocatoria.	SI ☐	NON ☐
Non son socio/a doutra empresa que se adique á mesma ou similar actividade	SI ☐	NON ☐

Lalín, de de 2016

Asdo:

ANEXO III
RELACIÓN DE GASTOS SUBVENCIONABLES

Nº factura (1)	Gasto subvencionable (2)	Proveedor/empresa	NIF/CIF	Data factura	Importe sen IVE	IVE	Importe total

(1) Nº que consta na factura

(2) Gastos subvencionables, segundo se recolle no punto 3 das Bases reguladoras

No caso de ter máis facturas das que pode contemplar na táboa, xunte fotocopias deste anexo

Lalín, de de 2016

Asdo:

L K M O

ANEXO IV
FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

Titular da conta , con DNI
endereço ,
Poboación , Código Postal , teléfono

DATOS DA CONTA:

IBAN
BANCO
ENDEREZO C.P. LOCALIDADE

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta do beneficiario/a.

Lalín, de de 2016

Sinatura do solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Asdo:

ANEXO V

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

Don/Dona , con DNI

en representación da empresa , con CIF

solicitante dunha subvención ao abeiro da convocatoria, para o ano 2016, do “Programa de axudas Municipais para a creación de empresas” do Concello de Lalín,

DECLARO:

☐ Non ter solicitada ningunha axuda de administracións ou entidades públicas para a mesma finalidade

☐ Ter solicitada e/ou concedida algunha subvención de administracións ou entidades públicas, para a mesma finalidade.

Concepto axuda SOLICITADA	Importe	Administración ou entidade pública	Orde Reguladora

Concepto axuda CONCEDIDA	Importe	Administración ou entidade pública	Orde Reguladora

Lalín, de de 2016

Asdo:

ANEXO VI
MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO EMPRESARIAL

DATOS DO/A SOLICITANTE

Apelidos e nome DNI/NIF:

profesión , Estudos realizados

Formación relacionada coa actividade empresarial que se vaia desenvolver:

IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

Apelidos e nome DNI/NIF:

con enderezo , localidade

correo electrónico e teléfono

Local do negocio: ☐ en propiedade ☐ alugado ☐ traspaso ☐ sen local ☐ vivenda habitual

Forma xurídica nº socios Porcentaxe participación %

data solicitude SS - data alta no IAE CNAE

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: describa brevemente os servizos que se van prestar ou os bens que se van producir e as necesidades que se pretenden cubrir

MERCADO: describa brevemente o mercado no que actúe a empresa, os clientes e as súas características, o territorio en que se desenvolverá a actividade, os principais competidores, as principais diferenzas entre o seu servizo/produto e o da competencia, etc.

RECURSOS HUMANOS: Describa os postos de traballo que se crearán, ademais do propio. Ocupación, tipo de contrato fixo ou temporal, duración, xornada de traballo, etc.

MEDIDAS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL E DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: Describa brevemente as medidas en materia de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos laborais adoptadas.

ADECUACIÓN EN MATERIA DE AMBIENTE: Describa brevemente as medidas de adecuación en materia de protección do ambiente adoptadas, en especial pola localización e a actividade da empresa.

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE: Describa calquera outra información adicional que considere de interese para a avaliación do proxecto.

PLAN DE INVERTEMENTO

CONCEPTO DE INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE	IMPORTE €
Terreos	
Construcións	
Compra de locais	
Acondicionamento de local	
Instalacións	
Ferramentas	
Elementos de transporte	
Mobiliario	
Equipamentos informáticos e de procesos de información	
Investigación e desenvolvemento	
Concesións administrativas	
Propiedade industrial	
Fondo de comercio	
Dereitos de traspaso	
Aplicacións informáticas	
Outros (especifíquese)	
<i>SUBTOTAL INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE (A)</i>	
RESTO INVERTEMENTO	
Mercadorías	
Arrendamento local, maquinaria e equipamentos informáticos	
Seguros do local	
Tesouraría	
Outros (especifíquese)	
<i>SUBTOTAL RESTO INVERTEMENTO (B)</i>	
<i>TOTAL GASTOS DE INVERTEMENTO (C= A+B) (IVE non incluído)</i>	

PLAN DE FINANCIAMENTO

RECURSOS FINANCEIROS	IMPORTE €
Recursos propios	
Préstamos	
Outras fontes de financiamento (especifíquense)	
<i>TOTAL DE FINANCIAMENTO (D) (C=D, deben coincidir)</i>	

PLAN DE FINANCIAMENTO

INGRESOS	1º ANO	2º ANO
Vendas		
Prestación de servizos		
Outros ingresos (especifíquense)		
<i>TOTAL INGRESOS</i>		
GASTOS	1º ANO	2º ANO
Gastos de constitución		
Compra de mercadorías, materias primas e outros.		
Arrendamentos		
Servizos de profesionais independentes		
Publicidade		
Transportes		
Seguros (local e outros)		
Subministracións (electricidade, auga, teléfono, etc)		
Tributos		
Gastos de Seguridade Social da persoa promotora		
Gastos do persoal contratado (salarios e SS)		
Gastos financeiros		
Dotacións por amortizacións		
Compra de mercadorías, materias primas e outros.		
Outros (especifíquese)		
<i>TOTAL GASTOS</i>		
<i>BENEFICIO PREVISTO (TOTAL INGRESOS - GASTOS)</i>		

CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE NOS DOUS PRIMEIROS ANOS

CONCEPTO

IMPORTE €

Total gastos persoa promotora (nos 2 primeiros anos)

Total gastos de investimento

Total outros gastos ((gastos de constitución, salariais, seguros, publicidade, etc)

CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE (IVE non incluído)

Lalín, de de 2016

Asdo:



ANEXO VII.1

**AUTORIZACIÓN DA PERSOA INTERESADA PARA RECABAR DATOS DA TESOUSERÍA XERAL DA
SEGURIDADE SOCIAL RELATIVOS Á SITUACIÓN DA DÉBEDA**

Don/Dona , con DNI
en representación da empresa , con CIF ,
solicitante dunha subvención ao abeiro da convocatoria, para o ano 2016, do “Programa de axudas
Municipais para a creación de empresas” do Concello de Lalín,

AUTORIZO ao Concello de Lalín a solicitar e recibir da Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos
relativos á situación de débeda coa Seguridade Social referentes:

☐ Á miña persoa

☐ Á entidade que represento

Lalín, de de 2016

Asdo:

ANEXO VII.2

**AUTORIZACIÓN DA PERSOA INTERESADA PARA RECABAR DATOS DA XUNTA DE GALICIA
RELATIVOS Á SITUACIÓN DA DÉBEDA**

Don/Dona , con DNI
en representación da empresa , con CIF ,
solicitante dunha subvención ao abeiro da convocatoria, para o ano 2016, do “Programa de axudas
Municipais para a creación de empresas” do Concello de Lalín,

AUTORIZO ao Concello de Lalín a solicitar e recibir da Consellería de Facenda os datos relativos á
situación de débeda coa Xunta de Galicia

☐ Á miña persoa

☐ Á entidade que represento

Lalín, de de 2016

Asdo:

ANEXO VII.3

AUTORIZACIÓN DA PERSOA INTERESADA PARA RECABAR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

A persoa que asina este documento **autoriza ao CONCELLO DE LALÍN** a solicitar da para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención e/ou axuda ao abeiro do “**Programa de Axudas Municipais á Creación de empresas**” para o ano 2016

Don/Dona , con DNI

en representación da empresa , con CIF ,

solicitante dunha subvención ao abeiro da convocatoria, para o ano 2016, do “Programa de axudas Municipais para a creación de empresas” do Concello de Lalín,

AUTORIZO ao Concello de Lalín a solicitar e recibir da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias

☐ Á miña persoa

☐ Á entidade que represento (só no caso de persoa xurídica)

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación ao disposto no artigo 95.1k) da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións.

Lalín, de de 2016

Asdo:

ANEXO VIII

CONTA XUSTIFICATIVA

Don/Dona en calidad de da

empresa (Razón social) DNI/CIF con endereço ,

localidade correo electrónico e teléfono

DECLARO

A) Que a para o inicio e a posta en funcionamento da empresa lle foi concedida unha axuda de €, e se realizaron os gastos correntes que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

[illegible]

TOTAL						

B) Que se xunta a relación da facturas polo importe da subvención concedida e que o resto dos xustificantes se atopan na sede da empresa e a disposición do Concello de Lalín para o seu exame.

C) Que os datos que arriba se detallan son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada.

D) Que a esta entidade, nin aos seus socios promotores ☐ SI ☐ NON se lle concederon outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

Relación de axudas concedidas e/ou solicitadas a outros organismos públicos e entidades privadas pendentes de resolución.		€
		€

E) Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para cada actuación non superaron o importe total dos gastos devengados.

F) Que o custo total dos gastos ascendeu a €

Lalín, de de 2016

Asdo:

